



O Samaín máis terrorífico

Na noite do trinta e un de outubro de 2048, Lucía díxolle á súa nai que lle contase unha historia de terror, a ela e a dúas amigas que quedaran a durmir, porque era a noite de Samaín, na que saíron e foron pedir caramelos polas rúas da súa cidade. Á súa nai Alba encantáballle esa noite, era unha das súas festas favoritas e esa noite houbo tormenta; era unha noite fría, con lóstregos e tronos; a noite perfecta para o Samaín.

Alba díxolles que cando tiña a súa idade, doce anos, había unha pandemia mundial, todos encerrados nas súas casas; os nenos non podían saír, non podían abrazarse nin bicarse, a xente non podía ir ao traballo nin á escola. Moita xente morreu soa, sen poder despedirse dos seus familiares. Nas cidades apareceron animais salvaxes, un crocodilo, un tigre, un avispón asasino e unha praga de lagostas...

De súpeto, un forte ruído asustounas, a luz apagouse e a ventá abriuse de par en par polo forte vendaval. As nenas berraron e díxeron que era a historia máis terrorífica que nunca lles contarán.

Alba Sangil López 1º ESO C